

Problemática da “orfandade” na obra de Rosalía de Castro

Xavier Castro

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CASTRO, XAVIER (2012 [1986]). “Problemática da ‘orfandade’ na obra de Rosalía de Castro”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (I). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 85-91. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1741>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CASTRO, XAVIER (1986). “Problemática da ‘orfandade’ na obra de Rosalía de Castro”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (I). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 85-91.

* Edición dispoñíbel desde o 20 de xaneiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

PROBLEMATICA DA "ORFANDADE" NA OBRA DE ROSALÍA DE CASTRO

XAVIER CASTRO

Universidade de Santiago de Compostela

Propoñome desenvolver unha teoría sobre a obra de Rosalía que xa foi defendida por críticos coma Varela Jácome, Marina Mayoral e Xesús Alonso Montero (1), en contra doutra corrente que fai caso omiso do tema, que non é outro que o da transcendencia que na biografía e no labor de creación de Rosalía tivo a súa "orfandade".

Escomencemos sinalando uns datos claros. Rosalía de Castro naceu o 24 de febreiro de 1837 e foi bautizada no Hospital Real de Santiago. Na súa partida bautismal quedou pateticamente rexistrado o seguinte: "Hija de padres incógnitos" e "No entró en la inclusa". A identidade dos seus pais non é hoxe misterio ningún. A súa nai, Dona María Tereixa de Castro e Abadía era o último vástago da familia fidalga do pazo de Arretén, declinar que a propia Rosalía cantará:

E tamén vexo enloitada
de A Retén a casa nobre,
donde a miña nai foi nada,
cal viudiña abandonada
que cai triste ó pé dun robre (2)

A nai non tivo azos para decidirse a se ocupar da súa filla e tiveron que pasar máis de dez anos para que osase levala con ela a Compostela. A pesares do abandono, Rosalía profesou un gran amor pola súa nai, como quedou patentemente reflexado nas poesías de "A mi madre". Se puido perdoarlle o seu desentendemento tivo que ser por atreverse finalmente a enfrentarse coa sociedade compostelá recoñecendo o froito do seu "esbarón".

O seu pai, Xosé Martínez Viojo, non era ningún seminarista, como algúns comentaristas teiman pudibundamente en soste, para tirarlle ferro á (in)fausta peripeicia, senón un párroco de Iria de trinta e moitos anos, e con xa bastantes de ministerio sacerdotal. Dende un principio fixo canto puido pola súa filla facendo que unha irmá de seu coidase dela na aldea de Ortoño. Quizais isto non fose só debido a ter un carácter superior ó de dona Tereixa senón que, ademais, puido influír tamén o feito de

(1) Varela Jácome, Benito, vid. a súa introducción á *Poesía Completa en Galego. Rosalía de Castro*, E.X.G., Vigo, 1980, pp. 11-13; Alonso Montero, Xesús, *Rosalía de Castro*, Ed. Júcar, Madrid, 1972; comentario de Marina Mayoral in *Rosalía de Castro. En las orillas del Sar*, Madrid, 1982.

(2) Alonso Montero, Xesús, *op. cit.*, 27.

virir nunha parroquia rural, onde adoita existir certa permisividade verbo dos fillos ilexítimos, véndose así menos condicionado.

Rosalía librouse da inclusa compostelá onde ían parar por medio do seu torno os máis dos numerosos fillos ilexítimos (3) que nacían en Galicia, onde as catro nodrizas que había e a rede de amas de cría ciscadas pola contorna non eran quen de impedir unha mortalidade de arredor do 80% (4). A mala alimentación, as penurias e o trato que aquelas "nais postizas" mal pagadas e que soportaban os nenos coma unha carga que se sobrepuña á propia daban ás pobres criaturas (5) facían das inclusas auténticos centros de exterminio infantil. Federico García Lorca deixounos un inesquecible testemuño da dramática estampa dun asilo compostelán, situado a carón de Santo Domingo de Bonaval, a comezos do século XX (6):

(...) el hospicio humilde y pobre (...) Da impresión de abandono el portalón húmedo que tiene (...) Ya dentro, se huele a comida mal condimentada y pobreza extrema. El patio es románico (...) En el centro de él juegan los asilados, niños raquíuticos y enclenques, de ojos borrosos y pelos tiesos. Muchos son rubitos, pero el tinte de enfermedad les fue dando tonalidades raras en las cabezas (...) Pálidos, con los pechos hundidos, con los labios marchitos, con las manos huedas, pasean o juegan unos con otros en medio de la llovizna eterna de Galicia (...) Algunos, más enfermos, no juegan y, sentados en recachas, están inmóviles, con los ojos quietos y las cabecitas amagadas (...) Las monjas van y vienen presurosas al son de los rosarios. Hay un rosal mustio en un rincón (...) Todas las caras son dolorosamente tristes (...), se diría que tienen presentimientos de muerte cercana...

Pouco faltou para que Galicia perdese unha voz maxistral. A pesares da súa "sorte" relativa, Rosalía debeu vivi-los anos da súa infancia e adolescencia sumida nunha grande incertidume, escoitando marmurios ó seu arredor, ollando rebrilla-la luz do reproche en moitos ollos. As xentes da contorna padronesa podían aturar que fose filla natural, pero que ademais fose sacrílega non podía menos que inclinar negativamente a balanza.

Debeu ser tamén moi desacougante o feito de ter unha nai e non tela. E, xa residindo en Santiago, o complexo de culpa, esa negra sombra sempiterna, debeu estar aínda máis presente. Santiago era, daquela, unha cidade de ríxida moral tradicional e de atmósfera levítica. Pero, ademais, a nai de Rosalía procedía de nobre alcurnia, era filla dun fidalgo que chegara a ser rexedor municipal da cidade (7), co cal cabe presumir que a severidade sería aínda maior. Este clima no que se criou Rosalía

(3) A título de exemplo, no municipio de Ribadavia e no quinquenio 1841-45, de 862 nenos nados 30 eran ilexítimos, o cal supón o 3,48%. Vid. Jesús de Juana e F. Javier Limia Gardón, "Aproximación histórica a la Ribadavia del siglo XIX", *Boletín Auriense*, X, 1980, p. 138.

(4) Cfr. Pérez García, Xosé M^a, voz "Expósito", in *Gran Enciclopedia Gallega*.

(5) Lamas Carvajal refírese a esto en *El Heraldo Gallego*, 15-II-1879, pp. 49-50.

(6) Cfr. García Lorca, *Impresiones y paisajes*, Granada, 1918, citado in voz "Lorca" *G.E.G.*

(7) Marina Mayoral, *Rosalía de Castro. En las orillas del Sar*, Castalia, Madrid, 1982, p. 11.

debeu se-lo caldo de cultivo no que se fraguou a súa sensibilidade para coa adversidade e o desasosego. Santiago de Compostela, cos seus ventos fríos e as chuivas continuas, sentaba moi mal á precaria saúde de Rosalía (8). No dicir de Murguía, nesta "triste ciudad" duro debeu se-lo embarazo de dona Tereixa de Castro, pois Rosalía dende os seus primeiros anos "parecía llevar en su corazón los secretos terrores que sintió su madre todo el tiempo que la tuvo en sus entrañas" (9). E difícil tamén foi a existencia das dúas mulleres ata 1858 en que Rosalía casa e se interrompe a convivencia entre elas. De feito, na obra de Rosalía queda constancia dun certo resquemor contra Santiago. Así, no libro *En las orillas del Sar* escribe (10):

Soplo mortal creyérase que había
dejado el mundo sin piedad desierto,
convirtiendo en sepulcro a Compostela.
Que en la santa ciudad, grave y vetusta
no hay rumores que turben importunos
la paz ansiada en la apacible siesta.

— ¡Cementerios de vivos!— murmuraba
yo al cruzar pos las plazas silenciosas
que otros días de glorias nos recuerdan
(...)

Ciudad extraña, hermosa y fea a un tiempo,
a un tiempo apetecida y detestada,
cual ser que nos atrae y nos desdenea:
algo hay en ti que apaga el entusiasmo...

Tamén é sintomático o menosprecio que Rosalía sentía pola Universidade compostelá. Na obra en prosa *Flavio* aparecían os seguintes párrafos despreciativos que Murguía suprimiu:

... Pues mi inteligencia no crecería más con haber penetrado como muchos en la gran universidad compostelana. Infinitos conozco que han oído allí en vano por largos años pomposos discursos, saliendo tan torpes al fin de su carrera literaria como si jamás hubiese llegado hasta ellos una sola palabra de ciencia (11).

Na meirande parte da obra de criación de Rosalía resalta a constante presenza da problemática da orfandade coma símbolo de abandono, sendo unha referencia de comparación continua. Isto non pode menos que se-lo trasunto da súa propia biografía, en tanto que semi-orfa, pois é ben sabida a tendencia da poetisa a construí-las

(8) Murguía, M., *Los precursores*, Biblioteca Gallega, La Voz de Galicia, 1975, p. 174.

(9) *Ibid.*

(10) *En las orillas del Sar*, "Santa Escolástica", Ed. Patronato, 2ª ed., Vigo, 1976, pp. 365-368.

(11) Así o sinala Mauro Armijo no comentario da edición preparada por el. *Rosalía de Castro. Obra Completa*, vol. 3, Akal, Madrid, 1981, p. 7.

súas obras con elementos tomados da súa propia vida persoal, disimulados ás veces, e outras non tanto (12).

En *La hija del mar*, a protagonista, Teresa, é unha rapaza de 18 anos, orfa, que Rosalía describe cunhas notas que parecen o trasunto fiel da propia autora. Vexamos senón:

La pobre niña había adquirido desde sus primeros años cierta apartada reserva para con los que la rodeaban, que rayaba ya en severidad y algunas veces en fie-reza; triste efecto de una vida solitaria y errante como los vientos de aquellas comarcas.

Hija de un momento de perdición, su madre no tuvo siquiera para santifi-car su yerro aquel amor con que una madre desdichada hace respetar su desgra-cia ante todas las miradas, desde las más púdicas hasta las más hipócritas.

(...) fue depositada en una de esas benditas casas en donde la caridad ajena puede darle la vida, pero de seguro no le dará la madre (13).

Pero, ademais, unha fermosa criatura, abandonada ela tamén, que é Esperanza (a filla do mar) é adoptada por “Teresa la expósita, así se vio a la vagabunda tomar bajo su amparo a la pobre desheredada como ella” (14). Ambas protagonistas levarán unha existencia novelesca chea de infortunios e románticos desacougos, marcada pola concepción do amor físico coma pecado, que leva consigo a expiación, e polas malas relacións co protagonista que as asoballa, resultando incompatibles con el. Así, nun primeiro momento, Alberto, o home de Teresa déixaa abandonada e, ó cabo, ambas protagonistas teñen que alonxarse del para fuxir da súa concupiscencia.

Na obra en verso, a orfandade aparece como constante termo de comparación para se referir ó abandono e á tristura:

Eran dondal-as tardes,
risoñal-as mañáns,
i era a tristeza súa
negra como a orfandá (15)

No libro *Follas Novas* figuran versos tan ilustrativos coma os de “Amores ca-tivos”:

Que hai una amores de ídole penzoñenta
(...)
que dan dores de rabia, que manchan e que afrentan.
Máis val morrer de friaxen
que quentarse á súa fogueira

Ou ben aqueloutro do que entresacamos unha parte da primeira estrofa:

(12) Tal afirma Marina Mayoral, entre outros. Cfr. *op. cit.*, p. 21.

(13) Castro, Rosalía de, *La hija del mar*, Compañel, Vigo, 1ª ed., 1859; Akal, Madrid, 1980, p. 32.

(14) *Ibid.*

(15) Castro, Rosalía de, *Obras Completas*, p. 453. Cit. por Carballo Calero, *Historia da Literatura Galega*, Galaxia, Vigo, p. 199.

Ladraban contra min, que camiñaba
 cáxeque sin alento,
 sin poder co meu fondo pensamento
 i a pezoña mortal que en min levaba.
 I a xente que topaba
 ollándome a mantenta
 do meu dór sin igual i a miña afrenta
 traidora se mofaba.

A amargura provocada polo "infame pecado" da súa orixe parece inspirar tamén poemas tan dramáticos como "Mar, cas túas augas sin fondo" e "Negra sombra". Polo demais, como apuntan Alonso Montero e Marina Mayoral (16), os versos máis terribles de "Follas Novas" non son aqueles nos que a poetisa fala de teimudas e despiadadas dores, senón nos que alude ó valeiro da vida, á orfandade da existencia, porque tamén Rosalía foi unha extraña orfa nos anos cruciais do seu existir.

Nos *Cantares gallegos* predomina a "musa solidaria" de Rosalía por sobre a "musa solitaria", pero foi posiblemente ó traveso da súa soidade como chegou á solidariedade. Consideremos que a orfandade é fundamentalmente ausencia, abandono, separación. A saudade, esa nota tantas veces consignada nos versos de Rosalía en relación coas máis diversas cuestións, serve tamén para se referir á súa orfandade. Rosalía canta a súa saudade coma soidade verbo de algo do que se está alonxado ou privando (17):

Este vaise e aquel vaise
 (...)
 Tés, en cambio, orfos e orfas e campos de soledad,
 e nais que non teñen fillos
 e fillos que non ten pais.
 E tes corazóns que sufren
 longas ausencias mortás,
 viudas de vivos e mortos
 que ninguén consolará.

Rosalía, aludindo unha e outra vez ós orfos, é de si mesma de quen nos está a falar, pero por vía do artificio da transformación de problemas individuais en sociais. Deste xeito, no poema "Tempra un neno no pórtico humido" presenta a un neno famento, descalzo e desamparado, e acaba preguntando angustiada: "¡Señor, Dios do ceo! / ¿Por que hai almas tan negras e duras? / ¿por qué hai orfos na terra, Dios boeno?" (18).

En *En las orillas del Sar* a crítica ten sinalado como rasgo expresivo as alusións misteriosas probablemente debidas ó desexo de manter ocultos feitos que se refiren

(16) Marina Mayoral e X. Alonso Montero, "Símbolo y realidad en Rosalía", in *Historia y crítica de la literatura española*, Crítica, Barcelona, 1982, p. 330.

(17) Carballo Calero, Ricardo, *Historia da Literatura Galega*, Galaxia, Vigo, 2ª ed., 1975, p. 192.

(18) Marina Mayoral e Alonso Montero, xa cit., p. 331.

á súa propia biografía (19). Nada menos que Murguía asevera que os versos de *En las orillas del Sar* están marcados polas “antiguas amarguras”, estando moi presente a súa infancia (20).

E, verdadeiramente, todo parece indicar que estrofas como a seguinte semellan requisitorias notariais en verso:

Justicia de los hombres, yo te busco,
pero sólo te encuentro
en la palabra, que tu nombre aplaude,
mientras te niega tenazmente en “hecho”.
—Y tú, ¿donde resides —me pregunto
con aflicción—, justicia de los cielos,
cuando el pecado es obra de un instante
y durará la expiación terrible
mientras dure el infierno? (21).

A morte, como tal, equivale para Rosalía a unha perpetua orfandade:

¡Y yo quería morir! La sin entrañas,
sin conmoverse, me mostrará el negro
y oculto abismo que a mis pies abrieran;
y helándose la sangre, friamente,
de amor y de esperanza me dejara,
con sólo un golpe, para siempre huérfana (22).

Poucos dubidan hoxe de que o matrimonio de Rosalía de Castro e Manuel Murguía coñeceu momentos difíciles e mesmo posiblemente espiñentos. Segundo afirma Marina Mayoral (23), Rosalía viviu unha segunda orfandade por mor do relativo abandono no que a tiña o seu home. De feito, os versos de Rosalía cobran unha especial sequedade e grave concisión dramática cando reflexan a amargura da muller abandonada:

Non cuidarei xa os rosales
que teño seus, nin os pombos;
que sequen, como eu me seco,
que morran, como eu me morro.

Ó cabo, convén apuntar que Rosalía de Castro padeceu tamén unha certa orfandade en relación coa Galicia que ela tanto amou e exaltou. Os seminaristas de Lugo e os periódicos que a atacaron por glosar un costume da hospitalidade mariñeira, fixeron que se sentise tamén abandonada e apátrida na súa propia terra. Foi por isto polo que tomou a decisión de deixar de trovar na fala galega.

(19) Comentario de Marina Mayoral in *En las orillas del Sar*, Castalia, Madrid, 1982, p. 44.

(20) M. Murguía, *Los precursores*, xa cit., p. 200.

(21) “Las campanas”, *Poesías. En las orillas del Sar*, Ed. Patronato, 2ª ed., Vigo, p. 390.

(22) “Santa Escolástica”, *ibid.*, p. 368.

(23) Marina Mayoral, *op. cit.*, p. 28.

Tamén unha relación de relativa orfandade mantivo coa súa propia obra, pois non eran poucos os que maliciaban que o artífice das creacións de Rosalía era o seu esposo. Diso queixábase en "Las literatas" (24):

Por lo que a mi respecto se dice muy corrientemente que mi marido trabaja sin cesar para hacerme inmortal. Versos, prosa, bueno y malo, todo es suyo; pero sobre todo lo que les parece menos malo, y no hay principiante de poeta ni hombre sesudo que no lo afirme.

Orfa de saúde, de fermosura e de benestar económico, inevitablemente a súa obra, como a súa vida, tiña de ser dramática.

(24) Castro, Rosalía de, *Las literatas*, cit. in *Festa de palabra silenciada*, 30-III-1985, p. 29.